

Ola, benqueridas e benqueridos alumnas e alumnos!

Unha semana máis e rematamos o mes de maio. Xa queda menos para as vacacións de verán. Este ano serán un pouco diferentes, pero seguro que estades desexando que cheguen, non si?

Ánimo e a seguir cumprindo coas vosas responsabilidades como alumnas e alumnos. Non nos estades a defraudar. Cada día achegádesnos algún comentario que nos enche de orgullo. Sodes magníficas e magníficos!

Para esta semana témosvos preparadas actividades para seguir a reforzar e ampliar coñecementos.

\*Lingua galega. Repaso de todo o curso. **Enviar á titora o venres 29.**

\*Matemáticas. Repaso xeral.

\*CCSS. Ides demostrar que aprendíchedes esta semana sobre os sectores de produción. Tedes dous vídeos para visionar . Esperamos que vos resulten atractivos.

\* Lingua castelá. Tedes que seguir a ler "Las aventuras de la mano negra". Lembraide que é o libro deste terceiro trimestre e queda menos dun mes para rematar así que cada día debedes dedicarlle un tempo.

\* Un reto. Animádevos!

\* As demais áreas , nos seus enlaces correspondentes. Sabedes que todas as semanas tedes actividades novas en cada unha delas.

**As solucións de matemáticas e de CCSS, como sempre, o venres no blog para que autocorrixades os vosos traballos e vos fixedes nos erros . As tarefas novas, pola tarde na web do cole.**

Desfrutade moito da fin de semana , pero con moito coidado e seguindo as normas polo ben de todos!!

Un agarimoso saúdo das vosas profes e de Juan.

Verémonos axiña!!